# EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2007

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urxente, en segunda convocatoria, o día vinte e seis de setembro deste ano, baixo a presidencia da Terceira Tenanta de Alcalde, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ e DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Xefa do Servizo de Actas e Goberno, dona María Isabel González Fernández en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e a Interventora Xeral Municipal, dona Rosa Abelleira Fernández, que se incorporou a sesión no punto número 8/876 da orde do día, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Ratifícase a urgencia da convocatoria

- Acordouse aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade para a contratación de determinados concertos das festas de San Froilán 2007.

- Acordouse axudicar a contratación dun servizo de vixilancia e control de determinados espazos municipais durante as festas de San Froilán 2007.

- Acordouse adxudicar a contratación da subministración e instalación de iluminación ornamental en diversas rúas da cidade durante o de San Froilán 2007.

- Acordouse adxudicar a contratación dun servizo de catering para o concello de Lugo con motivo da celebración do día internacional das persoas maiores.

Lugo, 26 de setembro de 2007
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García